

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 16.03.2018      Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

1.1 25957 (10/CPC-000039)

Do Sr. presidente de Portos de Galicia, por petición propia, para informar sobre a planificación polos danos provocados polos temporais nos portos de titularidade autonómica

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018*

**Punto 2. Preguntas**

2.1 23308 (10/POC-003841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflictividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflictividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018*

2.2 24949 (10/POC-004137)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018


*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018*

2.3 26553 (10/POC-004326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego e de Portos de Galicia en relación coa actuación de mellora levada a cabo na rúa Fernández Albor e a súa continuación ata o Paseo dos Areos, na Pobra do Caramiñal, así como a situación de inseguridade viaria existente na zona de aparcamento no



recheo portuario, e as previsións respecto disto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Marta Rodríguez Arias  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/03/2018 13:06:12**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 16.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 25957(10/CPC-000039)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. presidente de Portos de Galicia, por petición propia,  
para informar sobre a planificación polos danos provocados  
polos temporais nos portos de titularidade autonómica

*Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018*

09/02 2018 14:34 FAX 00981541211



0001/0001



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo- do presidente de Portos de Galicia para informar "sobre a planificación polos danos provocados polos temporais nos portos de titularidade autonómica".

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 16.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 23308(10/POC-003841)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflictividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflictividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona

*Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Dolores Toja Suárez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos (DOG, xoves 21 de xaneiro de 2016).

Existe inquietude nos colectivos de percebeiros e percebeiras sobre a interpretación desta regulación acerca da súa actividade. Estanse a dar casos que impiden, de maneira aparentemente discrecional, o exercicio da actividade a moitos traballadores e traballadoras da extracción do percebe, tanto dos que o fan a pe como a flote. Esta situación provoca unha enorme dificultade para as persoas que traballan no sector, producíndose escenarios de conflictividade que prexudican aos traballadores e traballadoras, á imaxe do sector e ao impacto e repercusión económica do mesmo pola afectación que ten sobre a calidade e prezo do produto.

Un escenario paradigmático sobre a situación estase a dar na Confraría de Pescadores a Anunciada de Baiona, na que existen casos nos que se están a recibir advertencias escritas, dende a segunda metade do ano 2016, que indican incumprimento da Lei de pesca de Galicia (Lei 11/2008) no seu artigo 136.b.2 que sinala como falta leve: *o incumprimento das normas dos plans de xestión aprobados pola Consellería competente*. Non entanto en ningún momento se explicita que aspecto, cuestión, artigo, punto ou apartado do plan de xestión se incumpre. Paralelamente, distintos órganos implicados ofrecen resolucións que amparan o cumprimento das normativas por parte dos traballadores do sector, como a recente resolución da Capitanía Marítima de Vigo (03.03.2017) que, refrendando a Lei de navegación marítima, sostén que “a dirección técnica de calquera buque ou embarcación recae sobre o capitán ou patrón da mesma”.

Nos últimos meses, o Grupo Socialista no Parlamento de Galicia ten preguntado ao Goberno galego en dúas ocasións por esta situación, tanto no



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pleno directamente á conselleira do Mar (Pleno do Parlamento de Galicia, 27 de decembro de 2016) como á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, do 20 de xaneiro de 2017). Nestas preguntas ao Goberno, tras ser recoñecida a existencia desta situación e as advertencias de sancións ou sancións efectivas, non foi aclarado en ningún caso nin o motivo destas, nin as perspectivas de resolución que ten a Consellería ante a conflictividade desatada por esta cuestión.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas ten previstas o Goberno galego para solventar a conflictividade no sector, especialmente naqueles lugares onde as discrepancias está impedindo traballar a unha parte deste sector extractivo?
2. Cree o Goberno galego que pode manter a conflictividade existente no sector sen que isto repercuta de maneira negativa en traballadores/traballadoras, organismos e persoas consumidoras?
3. Que aspectos concretos das normativas se están infrinxindo por parte dos traballadores/traballadoras da extracción do percebe que están sendo advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor no caso da confraría de a Anunciada de Baiona?
4. A que atribúe o Goberno galego a conflictividade no sector da extracción de percebe e os reiterados problemas e derivacións legais existentes?
5. Acepta a Xunta de Galicia a Lei de navegación marítima como norma que determina que o capitán ou patrón do barco é o responsable da seguridade do mesmo e, por tanto, quen está autorizado a tomar a decisión de valorar a existencia ou non de mal tempo suficiente para non saír a traballar?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Alvarez  
María Dolores Toja Suárez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2018 16:51**  
**Nº Rexistro: 23308**  
Data envío: 16/01/2018 16:51:44.034



---

 Grupo Parlamentario

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2018 16:38:59**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2018 16:39:05**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2018 16:39:29**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 16.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 24949(10/POC-004137)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018

*Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018.

O marisqueo vén definido na Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia (modificada pola Lei 6/2009) como o exercicio da actividade extractiva, a pé ou dende embarcación, nas zonas marítimas ou marítimo terrestres, de unha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización.

Con respecto á xestión das zonas nas que se realiza esta actividade, o Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 237/2002, de 11 de xullo establece que a extracción de marisco estará suxeita ao Plan Xeral de explotación marisqueira aprobado, con carácter anual, pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (hoxe Consellería do Mar). É por este motivo que, mediante Orde do 22 de decembro do 2017, DOG. 246, a Xunta de Galicia publicou o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018.

Dentro deste plan, a Conselleira do Mar incorporou unha novidade, con respecto a outros anos, na xestión das zonas común de marisqueo. Nelas, tras a aprobación do Plan Xeral de explotación marisqueira 2018, a maior parte da xestión das zonas común de libre marisqueo pasan a ser xestionadas polas confrarías da zona. Este tipo de xestión, plantexado pola Consellería do Mar dende fai varios anos



como unha “oportunidade para o sector de involucrarse”, era unha medida maioritariamente rexeitada polo sector posto que implica que as confrarías e asociacións, teñan que cargar coa redacción e xestión de un plan de explotación específico e asumir tarefas como a vixilancia, a realización de sembras, a limpeza dos bancos e todo aquel traballo de mantemento que precise a zona de libre marisqueo.

Esta novidade aparece como parche aceptado polo sector como resultado da presión que sofren hoxe en día polo deterioro das zonas de libre marisqueo xestionadas pola Xunta que veñen reducindo a súa produción dende 2012 e se atopa nunha situación insostible actualmente. É por isto que moitas das Confrarías aceptaron xestionar no 2018 directamente as zonas de libre marisqueo xa que non poden seguir dependendo de unha xestión tan deficiente por parte da Xunta de Galicia e necesitan investir para recuperar as zonas de libre marisqueo e revalorizalas.

Para as Confrarías, facerse cargo destas zonas de libre marisqueo é un custe económico a maiores dos que xa teñen os traballadores e as traballadoras do mar, custe que non terían porque asumir se a Consellería do Mar non presionase dando un servizo defectuoso e se fixera cargo da súa competencia directamente.

Con este cambio no modelo de xestión, que só ven propiciado polas políticas de desmantelamento dos servizos públicos e polos recortes en partidas orzamentarias tan importantes como as dependente da Consellería do Mar en materia de conservación e mantemento medioambiental do mar, o Partido Popular está confirmando que non é quen de xestionar o de todos e todas, non é quen de realizar o traballo de xestión do público que se lle asignou ao entrar no Goberno.



Do mesmo xeito entendemos que, posto que xa non ten que investir a partida económica presupostada para a xestión das zonas de libre marisqueo, investirá dito orzamento en salvar zonas de libre marisqueo en situación extrema deixando de ser o causante do problema e pasando a ser parte da solución

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas ten pensado aplicar a Conselleira do Mar para implicarse e salvar as zonas de libre marisqueo?

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2018 18:25:29**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2018 18:27**  
**Nº Rexistro: 24949**  
Data envío: 01/02/2018 18:27:37.702



**Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2018 18:25:36**

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 16.03.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 26553(10/POC-004326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego e de Portos de Galicia en relación coa actuación de mellora levada a cabo na rúa Fernández Albor e a súa continuación ata o Paseo dos Areos, na Pobra do Caramiñal, así como a situación de inseguridade viaria existente na zona de aparcamento no recheo portuario, e as previsións respecto disto

*Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2018 16:36**  
**Nº Rexistro: 26553**  
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a diversos arranxos na zona portuaria da Pobra do Caramiñal.

“Portos de Galicia” é titular de varias infraestruturas situadas no casco urbano de A Pobra do Caramiñal e que son de uso cotián por parte dos veciños e veciñas de dita localidade e de moitas outras persoas que visitan habitualmente ese municipio.

Posiblemente a máis importante e a rúa que vai dende a entrada ao porto comercial da Pobra até o Paseo dos Areos (Rúa Fernández Albor e continuación), así como a zona de aparcamento libre situada no recheo portuario, que presentan un deterioro enorme cun firme en moi mal estado e diversas fochancas que ocasionan trastornos evidentes e xa teñen causado danos en vehículos.

Após as reiteradas protestas sobre a situación da rúa, Portos de Galiza fai unhas declaracións públicas recollidas nos medios de comunicación comarcais nas que anuncia a súa intención de arranxar o estado da vía.

Os veciños e veciñas da Pobra comprobamos con estupefacción como o arranxo anunciado reduciuse a un simple tratamento superficial nas zonas de



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2018 16:36**  
**Nº Rexistro: 26553**

Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

fochancas cun material pouco consistente. De tal xeito que as chuvias deste días levantaron ese tratamento superficial deixando unha situación aínda peor, coa grava solta acumulada en montóns, as fochancas novamente abertas e o deterioro da totalidade da rúa sen arranxar.

Por outra parte na zona de aparcamento libre situada no recheo portuario atopámonos cunha situación de inseguridade viaria. Esta zona consta de catro vías paralelas á liña da costa, dúas para cada sentido de circulación, e outras tres de intersección con eses catro vías que dan acceso as prazas de aparcamento.

Pois ben, a sinalización horizontal está nunha situación que impide a súa visualización correcta, e a sinalización vertical é inexistente na inmensa maioría das interseccións. Todo isto está a ocasionar moitas situacións de risco e perigos na circulación de vehículos, sobre todo nas temporadas turísticas coa chegada ao concello de moitas persoas que descoñecen os sentidos de circulación existentes nesta zona.

Ademais Portos de Galicia incumpre coa obriga de manter en condicións a iluminación do espazo, de xeito que son máis os días do ano sen iluminación que con ela, creando inseguridade na xente que se move entre o casco urbano e o aparcadoiro.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2018 16:36**  
**Nº Rexistro: 26553**  
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

1.- Que valoración realiza a Xunta de Galiza e Portos de Galiza sobre a actuación de mellora da rúa Fernández Albor e a súa continuación até o Paseo dos Areos?

2.- Son coñecedores do resultado final desa actuación e da inutilidade para arranxar os problemas que presenta a rúa?

3.- Considera a Xunta de Galiza e Portos de Galiza que os veciños e veciñas da Pobra non son merecedores dunha infraestruturas decentes e acordes coas necesidades que teñen que cumprir?

4.- Ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza deixar a situación desta rúa no estado actual?

5.- Que actuacións ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza levar adiante que permitan arranxar dunha forma satisfactoria a situación da vía cun tratamento que renove a totalidade do seu firme?

6.- É coñecedora a Xunta de Galiza e Portos de Galiza da situación de inseguridade viaria que se produce na zona de aparcamento no recheo portuario da Pobra do Caramiñal? Que valoración lle merece esa situación?

7.- Ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza deixar a situación desta zona de aparcamento no estado actual?

8.- Ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza levar adiante actuacións que permitan dotar dunha sinalización vertical e horizontal completa a esta zona?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2018 16:36**  
**Nº Rexistro: 26553**  
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

9.- Como vai resolver Portos de Galiza a situación de inseguridade viaria causada pola falla de iluminación do aparcadoiro e que actuacións ten previsto realizar na zona obxecto desta pregunta para arranxar de xeito satisfactorio a condición de iluminación do aparcadoiro?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2018 16:34:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2018 16:34:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2018 16:35:02**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2018 16:36**  
**Nº Rexistro: 26553**

Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2018 16:35:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2018 16:35:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2018 16:35:06**